

# Memoria Xeral Anual

## Curso 2022-23

# IES A Sardiñeira

Aprobado polo Consello escolar o 29 de xuño de 2023

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. PRINCIPAIS OBXECTIVOS ACADADOS. ....	4
3. AVALIACIÓN DA PXA. OBXECTIVOS E COMENTARIO (GRAO DE CONSECUCIÓN DO 1 AO 5, SENDO 5 O GRAO MÁIS ALTO DE CONSECUCIÓN) .....	8
4. CONTAS EXERCICIO 2022, ORZAMENTO E XESTIÓN ECONÓMICA.....	9
5. INFORME DE RESULTADOS ACADÉMICOS CURSO 22-23.....	11
6. ANÁLISE CONVIVENCIA CURSO 2022-23. ....	11
7. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES....	11
7.1 Introducción. ....	11
7.2 Grao de consecución dos obxectivos. ....	12
7.3 Funcionamento do departamento de AACCEE.....	13
7.4 Resumo de actividades realizadas. ....	16
7.5 Outras actividades: .....	49
7.6 Avaliación do funcionamento das AAEECC .....	57
7.7 Propostas de mellora e suxerencias de continuidade. ....	58



## 1. INTRODUCCIÓN.

Durante o curso 22-23 enfrontámonos a diferentes desafíos: un cambio de lexislación e á implementación dalgúns aspectos da LOMLOE nos cursos pares da ESO e Bacharelato, que suscitou o debate dos órganos colexiados; a recepción de alumnado de incorporación tardía durante todo o curso, que continuou a ser moi numeroso; a convivencia e a inclusión, con situacións de conflitos entre iguais e outros aspectos de no menor calado. Neste mesmo sentido, foi imprescindible concentrar esforzos na atención nalgúns aspectos da convivencia, ofrecendo novas posibilidades ao noso alumnado como a mediación, que solucionou solventemente varias situacións de conflito ou os recreos inclusivos.

Seguemos apostando pola coordinación e comunicación interna e externa que axude á conciliación, convivencia e ao benestar emocional da comunidade educativa, polo que continuamos a enviar circulares internas mensuais ao persoal docente e non docente do centro, de maneira que todos e todas coñezan o plan de organización de traballo mensual, incluíndo tamén numerosos anexos, avisos e recordatorios sobre aspectos importantes de coordinación.

Por outra banda, a través das AACCEE pretendeuse brindar oportunidades ao alumnado para acadar unha aprendizaxe integral, unha excelencia educativa e un contexto social e emocional de convivencia, respecto e igualdade.

O noso claustro apostou pola participación en numerosos programas de éxito educativo da Consellería, desde os Contratos programa CP Inclúe e CP Innova, Club de Ciencias, Acreditación lingüística do alumnado, Plans Proxecta, Seccións Bilingües, Proa +...

A estes programas súmanse actividades de altísima calidade formativa que forman parte do programa de actividades complementarias e extraescolares dos Departamentos: Día da Ciencia en galego, viaxe a neve, viaxe a París, asistencia á feira de Ciencia na rúa, ao festival da Francofonía, conferencias científicas, charlas, obradoiros de orientación laboral, formación en mediación, obradoiros de control de ira, prevención das drogadiccións, de habilidades sociais, participación en xornadas de Orientación académica e Profesional, visitas a Laboratorios e empresas, participación en actividades para fomentar a convivencia, certames de danza, cine e outras artes, actividades deportivas como rutas de sendeirismo, equitación, esquí,...



## 2. PRINCIPAIS OBXECTIVOS ACADADOS.

Crear o Plan de acollida curso 22-23.

Elaborar un Plan de Igualdade, que estará enmarcado no Plan de Convivencia.

Revisar os documentos de centro e adaptalos á nova lexislación: concreción curricular do centro, NOF, Plan de igualdade

Facilitar ás familias o coñecemento puntual do funcionamento do centro, a través, por exemplo, blogue de Vicedirección: [www.sardiplus.blogspot.com](http://www.sardiplus.blogspot.com) e actualización constante da información publicada na web do centro.

Enviar circulares impresas (organización e o funcionamento do centro, inicio de curso, autorizacións e permisos, saídas escolares...) pero reducindo ao máximo o papel e encamiñar a comunicación á transformación dixital.

Favorecer a comunicación coas familias mediante as facilidades do Espazo Abalar e subscrición do profesorado e de nais e pais na plataforma Abalarmóbil, a fin de que estes últimos reciban información puntual do centro, como convocatorias, avisos e incidencias.

Apoiar a labor da ANPA e celebrar reunión periódicas de coordinación. Ceder un espazo do centro á ANPA.

Potenciar a implicación e a participación das familias nas actividades do centro: reunións celebradas no centro, co equipo directivo, reunións de coordinación,...

Continuar a seguir as consignas do Plan de Comunicación do centro co gallo de optimizar as comunicación internas e externas.

Realizar titorías telemáticas, presenciais ou telefónicas, baixo requirimento dos proxenitores.

Introducir medidas para o tratamento da igualdade de xénero na programación de AACCEE, no Plan de igualdade e noutros documentos de centro.

Incorporar nas programacións didácticas do uso das ferramentas TIC. Comezo da acreditación dixital do profesorado.

Emprego normalizado en tódalas materias dos equipos informáticos e audiovisuais das aulas, da aula virtual e aulas de informática.

Optimizar o uso das aulas virtuais no centro e impulsar o uso entre o profesorado mediante a formación.

Mellorar o uso das TICS no desenvolvemento da práctica educativa.

Dinamizar e impulsar o PAT o PAD e outros documentos elaborados polo departamento de Orientación.

Colaborar estreitamente co Departamento de Orientación: equipo directivo, titores/as e profesorado en xeral.

Apoiar as medidas de Atención á diversidade e prestar especial atención ás demandas das familias con NEEE ou NEAE co gallo de facilitarlles o apoio académico aos seus fillos/fillas.

Potenciar e optimizar a comunicación no centro: circulares informativas elaboradas polo equipo directivo, para asesorar, resolver dúbidas e atender ás necesidades e requirimentos do profesorado e persoal non docente.

Reforzar a colaboración dos Departamentos a través das CCP que celebraranse, con carácter xeral, mensualmente.

Plan PLAMBE

Clubes de lectura e o Club de ciencias.

Dinamizar a Biblioteca, ofrecendo ao noso alumnado un espazo seguro, de lecer e de aprendizaxe a través da literatura e outras actividades.

Ensino do xadrez: recreos inclusivos.

Programa PROA+

Contratos Programa CP Innova e CP Inclúe

Auxiliares de conversa: inglés e francés

Continuación das seccións bilingües en francés e inglés. Solicitud de ampliación das seccións bilingües para o vindeiro curso (Na resolución provisional están as 5 novas seccións bilingües concedidas)

Aprobación da implantación de 5 novas seccións bilingües.

Programas de Educa Coruña e programa do Plan Director.

Programas de internacionalización do centro.

Atender en todo o posible as necesidades económicas dos Departamentos.

Coordinación das aulas específicas de Vicedirección

Semana Cultural interdepartamental con actividades de calidade pedagóxica que fomenten o deporte, os hábitos de vida saudable e hábitos de convivencia.

Xornadas de acollida ao alumnado de sexto de primaria dos centros adscritos e xornadas de portas abertas para familias de alumnado.



Desenvolvemento de medidas de apoio para o alumnado con NEAE e NEEE.

Acreditación do centro, persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de ESO, Bacharelato, Formación Profesional.

Desenvolvemento do Plan de autoprotección do centro.

Realización de sesións formativas para dar a coñecer o plan os simulacros de evacuación do centro.

Programa de de Alerta escolar para o alumnado con diversas patoloxías actualizado.

Presentación dun informe sobre o ximnasio, o lucernario de Ciclos formativos, o almacén de secundaria o peche perimetral do centro e outros espazos para solicitar fondos á Consellería e que acometan estas obras estruturais.

Aplicación das actividades e estratexias de mediación escolar. Formación para o profesorado e o alumnado.

Consolidación do noso equipo de alumnos/as mediadores/as xa constituído e continuación da súa formación.

Consolidación da Comisión de convivencia e elaboración do Plan de convivencia do centro, atendendo especialmente á mediación, aula inclusiva e espazos de convivencia como a biblioteca escolar. Borrador elaborado. O primeiro borrador será presentado en CCP no primeiro trimestre do vindeiro curso.

Consolidación e preparación e presentación ás probas DELF do noso alumnado e presentación do alumnado para a certificación, igualmente, do nivel de inglés. 100% de aprobados, por cuarta convocatoria consecutiva, do noso alumnado en A2, B1 e B2 en francés.

Presentación de alumnado ás probas Cambridge. Nestas datas aínda non se publicaron todos os resultados. No presente curso entre un 60 e un 70% do alumnado aproba os exames de Cambridge.

Visibilización e impulso de xornadas varias (orientación, visibilización do noso centro, portas abertas, estudos post-obrigatorios) co gallo de optimizar a comunicación ca comunidade educativa e outros centros da cidade (Someso, Ánxel Casal, Universidade...)

Coordinación con centros educativos da contorna, Concello, e solicitudes conxunta ao Concello en materia de seguridade e urbanización.

Coordinación e xestión dos espazos do centro e do seu uso.

Reunións periódicas cos axentes titor.



Notificación ao Concello e Inspección educativa dos procedementos de absentismo.

Consolidación da Semana Cultural do centro e do acto de Graduación no centro, con plantación dunha árbore para o noso arbolario.

Solicitude de axudas lingüísticas para a presentación do alumnado ás probas oficiais de linguas estranxeiras de francés e inglés.

Solicitude dos diferentes programas ofrecidos pola Consellería (Contratos programa, e PROA.

- **Mantemento e mellora dos espazos do centro:**

Mantemento das instalacións do centro: xardíns, patios, pistas, interior dos edificios, pavillóns... Acondicionouse o espazo anexo ao horto (pintado, reparación do teito, acondicionamento do chan...), sito no patio do edificio de Ciclos formativos.

Outras obras de mantemento que se realizaron foron: o cambio do pararraios en secundaria, retiraron 7 niños de gaiotas do teito.

Instalouse o son que houbo que configuralo, polo que empezará a funcionar, finalmente, o vindeiro curso.

Completoouse a reforma da Aula tecnolóxica de Ciclos Formativos, que foi inaugurada, este mes.

No Ximnasio gris, pintáronse os vestiarios, portas e fíxose a limpeza do tragaluz e teitos. Acondicionáronse os porches exteriores, reparáronse escaleiras, desconchados dos teitos e pintura de teitos e columnas, na zona de Ciclos Formativos, onde está ubicada a obra conmemorativa de Picasso.

En xeral, o mantemento principal, ademais dos xardíns, consistiu en manter os dous edificios: portas, persianas, substitucións de fluorescentes, fluxómetros de sanitarios e substitucións de cristais deteriorados.

- **Reunións colexiadas:**

Durante este curso 2022-23 realizáronse 39 reunións colexiadas.

### 3. AVALIACIÓN DA PXA. OBXECTIVOS E COMENTARIO (GRAO DE CONSECUCIÓN DO 1 AO 5, SENDO 5 O GRAO MÁIS ALTO DE CONSECUCIÓN)

Obxectivos da PXA acadados	4. A práctica totalidade dos obxectivos son acadados este curso. Os obxectivos non acadados foron, na maioría dos casos, por falta de tempo ou por considerar prioritarios outros obxectivos.
Documentos de centro. Actualización e revisión	4. PXA, Memoria Xeral anual. Borrador do plan de convivencia. Plan de igualdade. Actualización da Concreción curricular e das NOF do centro. Plan dixital
Comunicación e coordinación ca comunidade educativa	Consolidación do do Plan de comunicación, as circulares mensuais, fixéronse todas as reunións colexiadas contempladas pola lexislación así como as reunións extraordinarias que consideramos necesarias. Incremento das reunións presenciais e informativas para familias e alumnado (diversos programas solicitados polo centro: Seccións bilingües, Edu France, viaxes, Orientación académica e laboral, STEMBach). Reunións presenciais e telemáticas ca ANPA do centro. 4

Plans e programas	Ver detalle (PROA, Contratos Programa, plans Proxecta, Seccións Bilingües, Auxiliares de conversa, diversos programas de Ciclos Formativos...) 5
Participación do alumnado no centro	3. O alumnado participa principalmente nos cursos máis baixos, malia que a maioría das actividades son gratuítas ou cun coste moi reducido.



Participación das familias	2. A propia ANPA cualifica a participación de moi escasa.
Servizos complementarios	3. implantouse unha nova liña de bus escolar para Novo Mesoiro. Incidencias ca empresa Monbús (retrasos).
Normas de convivencia	3. Ver detalles en informe de convivencia
Resultados académicos	4. 100% aprobados ABAU na convocatoria ordinaria 100% aprobados nas acreditacións lingüísticas externas de francés (DELF); entre 60-70% en Cambridge (pendente aínda dos últimos resultados. Estimación do departamento de inglés) 1 alumno de 2º BAC: premio mellores expedientes de Galicia Ver resultados académicos por curso nesta memoria.

#### **4. CONTAS EJERCICIO 2022, ORZAMENTO E XESTIÓN ECONÓMICA**

Para o curso 2022-23, mantívose a Comisión económica constituída no seo do Consello Escolar no curso 21-22. Esta comisión reuniuse tres veces: para a presentación das contas do exercicio 2022, para o Proxecto de orzamento do 2023, (a análise dos números antes de ser presentados ao Consello escolar, para a súa aprobación) e para avaliar os cartos dispoñibles para melloras de cara o vindeiro curso.

##### **Contas exercicio 2022:**

Está todo rexistrado na aplicación xecocentros e aprobado polo Consello escolar na reunión do 30 de xaneiro de 2023. Ao faltar cartos por ingresar, informouse ao Consello da incorporación destes cartos e enviouse a xustificación definitiva co resto da documentación para o Consello celebrado o 26 de abril de 2023.

**Proxecto de orzamento 2023:**

Por outra banda, o orzamento para o exercicio 2023 foi aprobado polo Consello escolar na reunión do 26 de abril de 2023. Despois da súa aprobación, subiuse na [páxina web do centro](#), no apartado de Secretaría, en [Sección económica](#). Este é o enlace directo ao [Orzamento 2023](#). Para a realización do reparto entre os distintos apartados, tivéronse en conta os orzamentos e as contas dos anos anteriores, asignándolle unha porcentaxe similar a cada apartado, segundo os [gastos de funcionamento publicados para o 2023](#):

Gastos de funcionamento: Educación secundaria								
Código	Centro	Concello	Provincia	Importe	Anticipo	Orzamento 2023	FSE	Total
15027770	IES A Sardiñeira	Coruña (A)	Coruña (A)	174.668,00	46.962,00	127.706,00	8.146,00	135.852,00

Mencionar o ingreso de 18.525,00 euros correspondentes ao segundo pago do proxecto de innovación do Ministerio de educación, Digital twin Boxes, de Ciclos formativos. Este proxecto está pendente dunha auditoría, para comprobar a súa correcta execución. Tamén está pendente a devolución de 1130,75 €, indicada na partida finalista, devolución do primeiro pagamento.

Falta por ingresar un segundo pagamento do Proxecto de formación de profesorado de FP e os cartos de Proxecto de fomento do uso do galego do curso 2022-23, 354 €, xa gastados.

Por outra banda, no que se refire ao mobiliario e equipamento, solicitarárase este á Consellería no primeiro trimestre para diferentes departamentos, biblioteca, aula tecnolóxica, aulas ordinarias... Non se recibiu todo o mobiliario solicitado, pero si parte:

- Aulas: pupitres e cadeiras, mesas de ordenador e encerado branco magnético.
- Biblioteca: armario expositor móbil, asento recto, expositor libros dobre e andeis abertos.
- Departamentos: cadeiras de brazos e armario vitrina
- ANPA: un armario pechado.
- Aula Tecnolóxica ciclos: armario de audiovisuais, encerado branco magnético, mesa abatible, mesas de ordenador

Pódese facer a petición deste mobiliario e equipamento todos os anos, polo que os departamentos poderán enviar as necesidades detectadas cando se lles indique no primeiro trimestre e segundo instrucións, xa que todo o mobiliario vai por códigos.

## **5. INFORME DE RESULTADOS ACADÉMICOS CURSO 22-23.**

Os resultados académicos deste curso 2022-23, foron presentados en Claustro e Consello escolar e aprobados en Consello escolar o 29 de xuño de 2023.

## **6. ANÁLISE CONVIVENCIA CURSO 2022-23.**

A análise da convivencia deste curso 2022-23, foi presentada en Claustro e Consello escolar e aprobada en Consello escolar o 29 de xuño de 2023.

## **7. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

### **7.1 Introducción.**

No IES A Sardiñeira as actividades extraescolares supoñen un punto destacado na programación xeral anual debido ao número e calidade das actividades propostas, así como á grande implicación dos diferentes departamentos didácticos.

Durante este curso escolar non tivemos as limitacións por mor da situación sanitaria dos anteriores, polo que o número de actividades realizadas foi sensiblemente superior ao curso anterior, sendo posible ademais realizar actividades e saídas entre diferentes niveis, e mesmo retomar actividades como o festival da Francofonía ou o Día da Ciencia na Rúa e o Día da Ciencia en Galego.

Desde a Vicedirección intentouse dinamizar e coordinar do xeito máis funcional posible as diferentes propostas de plans, actividades e proxectos.

Esta memoria non é, en ningún caso, unha recompilación exhaustiva de todas as actividades realizadas polos Departamentos, senón dunha representación das AAEECC levadas a cabo durante este curso. Consúltense as memorias dos diferentes Departamentos Didácticos para máis información.

## 7.2 Grao de consecución dos obxectivos.

OBXECTIVOS	GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS
Completar a educación do alumnado	Moitas das actividades propostas intentaron integrar a toda a comunidade educativa, fomentando así as relacións interpersoais e o sentimento de pertenza á comunidade.
Contribuír ao benestar emocional	Algunhas das actividades foron parcialmente financiadas polos Contratos Programa, co que se posibilitou o acceso ás actividades de todo o alumnado.
Reforzar valores, esforzo, compañeirismo...	Ademais o alumnado pertencente á ANPA recibiu unha axuda (desconto) de 2€ en cada unha das actividades con custo económico realizadas.
Fomentar as relacións interpersoais	Pretendemos seguir traballando para incrementar os proxectos e relacións interdepartamentais.
Promover o sentimento de pertenza a unha comunidade educativa.	Aínda que na realización das AAEECC non houbo ningún problema de convivencia salientable, seguiremos traballando para mellorar a mesma.
Fomentar proxectos e relacións interdepartamentais	Realizáronse varias actuacións neste sentido mediante o contrato programa CP Innova na liña EDU- Saúde.

Fomentar as actividades de carácter deportivo e prácticas saudables.	Infórmase á comunidade educativa das as actividades extraescolares por diferentes vías (corcheiras, correo electrónico, web, blog), é a nosa intención que as comunicacións se fagan con maior antelación.  A difusión das actividades extraescolares realízase a través do blog de vicedirección e de diferentes contas de instagram.
Posibilitar o acceso ás actividades de todo o alumnado.	
Dar a coñecer a toda a comunidade educativa as actividades extraescolares que se realizan no centro.	

### 7.3 Funcionamento do departamento de AACCEE.

#### ➤ **Comunicación e xestión de actividades.**

O profesorado comunicou axeitadamente á Vicedirección as actividades propostas e non comentou incidencias salientables ao termo das mesmas.

As actividades foron comunicadas á comunidade educativa por varias vías: a través do correo electrónico corporativo, do [blog](#) de Vicedirección, das circulares informativas, da correspondente pestana de [vicedirección](#) na páxina web e mediante calendarios, redes sociais e avisos nas corcheiras da sala de profesorado e das diferentes aulas.

Aspectos a mellorar: a programación contempla que as listas de alumnado e profesorado acompañante sexan remitidas á Vicedirección cunha antelación mínima de 2 días laborables, para que poidan estar á disposición do profesorado afectado dous días antes da celebración da actividade. Isto non sempre foi posible, maioritariamente porque se flexibiliza a entrega de autorizacións por parte do alumnado, o que complica a organización de gardas e xestión das ausencias.

Debemos, polo tanto, aumentar a esixencia respecto das datas límite de entrega das autorizacións, para poder elaborar as listas de alumnado participante.

Outro aspecto a mellorar e a potenciación da comunicación das actividades a través dun formulario no apartado de Vicedirección da páxina web do centro, que facilite a organización e distribución das mesmas.

➤ **Orzamento.**

Vicedirección non xestiona nin ten orzamento específico asignado.

Todas as actividades que implican un custo son xestionadas por Secretaría, que é quen xestiona o orzamento do Centro e fai as transferencias ou pagos necesarias.

Os cartos recadados polo profesorado para as saídas son entregados á Secretaria, encargada da xestión deste diñeiro.

Ao longo deste curso escolar o alumnado pertencente á ANPA recibiu unha axuda (desconto) de 2€ en cada unha das actividades con custo económico realizadas.

➤ **Comunicación coa comunidade educativa.**

Coa finalidade de amosar as actividades complementarias e extraescolares feitas no noso centro, Vicedirección mantén o blog [www.sardiplus.blogspot.com](http://www.sardiplus.blogspot.com), que complementa o labor da web do centro na difusión de actividades ou noticias de interese para o noso alumnado.

De igual maneira, no apartado de Vicedirección (en revisión e actualización) o alumnado e profesorado pode atopar :

- Autorizacións alumnado
- Blog de Vicedirección
- [Contacto con Vicedirección.](#)
- Documentos actividades para profesorado.
- Histórico de actividades. Cursos pasados.
- Normas durante a realización das Actividades.

➤ **Difusión da actualidade do centro en prensa.**

Enviamos as noticias destacadas á prensa local para a difusión das actividades realizadas no centro.

**Programa “Aquelando con chispa”.**

No mes de decembro emitíuse no programa “Aquelando con chispa” da TVG un dos experimentos gravados polo Club de Ciencia o curso pasado.

Podedes ver o experimento realizado polos nosos alumnos a partires do minuto 13:20 no seguinte enlace ao programa: [Nitróxeno líquido](#)

**Día da Ciencia en galego**

A prensa recolleu a celebración do noso día da Ciencia en galego. Podedes ver os enlaces na entrada correspondente no blog de vicedirección [aquí](#).

**Interpretación do Guernica**

O alumnado de Debuxo Artístico de 2º de Bacharelato fixo a súa particular versión do Guernica de Picasso. Podedes ver a noticia recollida en La Voz de Galicia [aquí](#).

**Inauguración aula ATEQUIN 4.0**

No mes de xuño celebrouse a inauguración da aula ATEQUIN 4.0, recollemos unha intervención ao respecto na radio do noso compañeiro de ciclos formativos Carlos de Paz ( Distrito15 1662 13h a partires do minuto 3) [aquí](#).

No Twitter de Corunaonline [aquí](#).

Por outra banda a prensa escrita recolle o acto:

Noticia en La Opinión [aquí](#).

Noticia en El Ideal Gallego [aquí](#).

## 7.4 Resumo de actividades realizadas.

### A. Actividades realizadas no Centro:

#### A.1 Conmemoracións e celebracións.

**Día das Bibliotecas Escolares.** Para conmemorar o día das Bibliotecas Escolares (24 de outubro) o noso estupendo equipo de Biblioteca organizou o concurso de "Cazatesouros".

**Día Internacional contra o Cambio Climático.** O alumnado de segundo de Bacharelato colocou unha caixa de compost no patio para todo o refugallo orgánico. Por outra banda, cada un deles levou unha botella de aluminio recheable para reducir o consumo de plástico. Esta acción está comprendida na liña de Edu Sostibilidade, dos Contratos Programa.

**Samaín.** Durante os recreos do día 28 de outubro fixéronse na biblioteca **lecturas terroríficas** para o alumnado. Ambientouse a entrada do instituto e o alumnado decorou as portas e aulas para participar no concurso de portas de medo.



**Día da Ciencia en Galego e Magosto.** Este curso escolar puidemos retomar a celebración tradicional do Día da Ciencia en Galego. O alumnado de Ciclos Formativos preparou diferentes experiencias das que puido desfrutar todo o centro



e mesmo o alumnado do CEIP Xosé Cornide. Aproveitamos, coma sempre neste día, para celebrar o magosto.

**Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas Escolares.** O equipo da Biblioteca en colaboración co Departamento de Física e Química e o alumnado participante do



Club de Ciencias, realizou experimentos durante a semana do 21 ao 25 de novembro nos recreos na Biblioteca, como forma de conmemoración.

**Día da Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.**

Para conmemorar o 25 de novembro o alumnado e profesorado sumouse a diferentes iniciativas e propostas que se poden ver neste enlace ([aquí](#))



**Día da Paz.** O 30 de xaneiro na entrada do edificio de ESO e Bach diferentes lemas con bos desexos en galego nos dan a benvida, mentres no edificio de Ciclos Formativos un mural cheo de pombas con soños de paz conmemoran esta data. Por outra banda, na biblioteca fíxose unha escolma de libros relacionados con esta temática.

**La Chandeleur.** Un ano máis o alumnado e profesorado do Departamento de Francés conmemorou este día no que compartiron esta tradición culinaria.

**Día da Muller e a Nena na Ciencia.** O alumnado de Ciclos Formativos realizou un mural tras investigar sobre mulleres científicas galegas. O equipo da Biblioteca fixo unha escolma de libros relacionados e preparou un “photocall” de mulleres científicas.

**Entroido.** O venres 18 de febreiro celebramos o desfile e concurso de disfraces de entroido.



**Día de Rosalía.** Para celebrar o Día de Rosalía (23 de febreiro) o equipo de Dinamización Lingüística preparou co alumnado de 3º da ESO unha exposición de haikus rosalianos. O alumnado de 2º da ESO fixo unha escolma de poemas da autora e unha lectura partillada na biblioteca do centro.



**Día da Muller Traballadora.** Conmemoramos o 8 de marzo con unha escolma de libros relacionados que seleccionou o Equipo da Biblioteca, e con unha decoración mural de viñetas que realizaron as compañeiras de Ciclos Formativos.

**Día Internacional da Poesía.** Na biblioteca puidemos ver libros de poesía seleccionados para conmemorar o 21 de marzo.

**Día Mundial da Saúde.** Para conmemorar este día (e enmarcado no programa EDU Saúde, dos Contratos Programa) o 11 de abril realizouse un reparto de froita nos recreos para todo o alumnado do centro. Ademais celebrouse unha carreira solidaria para o alumnado de 1º e 2º da ESO.





**Día do Libro**. Para esta conmemoración o Equipo da Biblioteca propuxo a iniciativa “Libros que alimentan” na que o alumnado tiña que atopar e “protexer” un libro e ler fragmentos del nas clases.



**Letras galegas**. Para conmemorar o Día das Letras Galegas o alumnado e profesorado colaborou coas compañeiras que tiveron a iniciativa “[As letras na Sardiñeira](#)”. Ademais o día 19 de maio tivo lugar para todo o alumnado da ESO a [actuación de Aldao Lado](#).

E unha pancarta conmemorativa, realizada polo EDL daba a benvida ao centro.



## A.2 Encontros literarios, charlas e conferencias.

**Charlas Burlington**, organizadas polo Departamento de Lingua Estranxeira Inglés para que o alumnado de 1º da ESO coñeza a cultura inglesa.

**Mar de Mares**. Dentro deste programa no que se participa a iniciativa do Departamento de Bioloxía, a primeira acción foi unha conferencia preparatoria para a saída posterior á zona intermareal de As Xubias. Estivo destinada ao alumnado de 3º da ESO. Tivo lugar o 6 de outubro na biblioteca do centro.

**Charla de Qaramelo**. A iniciativa do Departamento de Lingua Galega o creador de videoxogos Carlos Dorado, impartiu unha charla ao alumnado de 3º da ESO.



**Charla USC “Materiais de construción con residuos”**. Dentro da liña EDU Sostibilidade dos Contratos Programa, a iniciativa do Departamento de Tecnoloxía, o profesor Diego Carro impartiu unha charla ao alumnado de 4º da ESO sobre o emprego de residuos como materiais de construción.

**Charla UDC “De onde sae un medicamento?”** O profesor da UDC Luis Miguel Botana explicou ao alumnado de Ciclos Formativos a orixe de moitos dos medicamentos empregados na actualidade.

**Chocolate con estrelas.** Borja Tosar impartiu unha conferencia para o alumnado de Bioloxía de 4º de ESO e 1º de Bacharelato seguida dunha xornada de observación astronómica. Esta iniciativa do Departamento de Bioloxía está enmarcada na liña Edu-Excelencia dos Contratos Programa e xa vai pola undécima edición.



**Charla USC “A Química fronte ao reto das superbacterias”.** O 30 de xaneiro a profesora Concepción González Bello explicou ao alumnado de Ciclos Formativos as posibilidades da química en relación coas superbacterias.

**Charla sobre “Materiais funcionais avanzados: do laboratorio ao mercado”.** O alumnado dos segundos cursos dos ciclos formativos de Química asistiu o 10 de febreiro a unha conferencia impartida por Francisco Guitián, profesor emérito da USC e director do Instituto Cerámico de Galicia.



**Charla/representación Di Ke NON.** Actividade programada para o alumnado de 4º da ESO da Fundación Barrié coordinada polo Departamento de Orientación destinada á prevención do consumo de drogas.



**Charla UDC, “Ciencia e Enxeñaría de Datos”.** O 14 de febreiro, Ricardo Cao, catedrático de Estatística , impartiu unha interesante conferencia ao alumnado de 1º e 2º de bacharelato sobre a carreira de Ciencia e Enxeñaría de Datos, amosando as múltiples saídas e oportunidades que ofrece.





**Charla da Unidade de Emprego** da Fundación Universidade de A Coruña sobre as diferentes becas e prácticas que ofrecen. A charla celebrouse o 24 de febreiro e estivo destinada ao alumnado de Ciclos.

**Charla “A Química nas nosas vidas”**. O día 6 de marzo o alumnado de química de 1º e 2º de Bacharelato asistiu á charla impartida por docentes da Universidade de Vigo.



**Charla “Matemáticas de moitas revolucións”**. O alumnado de 3º da ESO asistiu á esta charla durante dúas sesións o día 10 de marzo a iniciativa do Departamento de Matemáticas en colaboración coa Universidade de Vigo.





Charlas das Xornadas de Orientación: durante a semana do 6 ao 10 de marzo



Encontro literario con Eva Mejuto: “A Memoria do Silencio”. A iniciativa do Departamento de Lingua Galega o alumnado de 4º de ESO tivo a oportunidade de conversar coa escritora Eva Mejuto.



Charla “Xogando a inventar palabras: os neoloxismos en Lingua Galega”.




O alumnado de 1º de Bacharelato e de 4º da ESO asistiu a unha conferencia realizada a iniciativa do Departamento de Lingua Galega en colaboración coa Universidade de Vigo na que aprenderon numerosas cuestións sobre os neoloxismos.

**Contacontos en francés.** O alumnado de francés de 3º da ESO e 1º de Bacharelato e todo o alumnado de 1º da ESO tivo a oportunidade de escoitar as historias de Samuel Mountounjnou. Esta actividade enmárcase dentro do Contrato Programa Incluíe.



**Charla “Acoso Callejero”.** O alumnado de 1º de Bacharelato e de 1º de Ciclo Medio asistiu a unha charla-taller sobre acoso no que aprenderon a identificar diferentes situacións e a actuar ante elas.



**Charla UDC “Microplásticos no medio ambiente”.** O alumnado de Ciclo Superior de LACC asistiu a unha conferencia sobre microplásticos impartida por profesorado da UDC.

**Charla UDC “Que pode facer por ti a biotecnoloxía?”** O profesor da UDC Manuel Becerra impartiu a charla ao alumnado de Ciclo Superior de LACC (modular).



**Charla USC “A necesidade de andar separando. Procesos de separación na industria química”** O profesor Héctor Rodríguez Martínez, da USC, impartiu unha interesante charla ao alumnado de 1º de CS de Química Industrial e de Laboratorio de Análise e Control de Calidade, así como o de CM de Operacións de Laboratorio.

**Charla informativa sobre a potabilizadora de auga “A Telva”.** O alumnado de Bioloxía de 4º da ESO e 1º de Bacharelato asistiu a esta charla como primeira parte dunha proposta que rematará coa visita á planta.

**Encontro con Mercedes Queixas: “A muller na política galega”.** O alumnado de 1º de Bacharelato mantivo un encontro coa escritora e profesora Mercedes Queixas, deputada no Parlamento de Galicia e compañeira. Esta actividade está enmarcada no programa Edu Excelencia e dentro das realizadas na **Semana Cultural**.



**Encontro literario con Andrea Maceiras.** O alumnado de 2º da ESO tivo a oportunidade de conversar coa autora do libro “Que me pare o corazón se te esquezo”.



**Charla “Experiencias que inspiran”.** A iniciativa do Departamento de FOL o alumnado de 1º de CSQI e 1º de LACC asistiron a unha xornada de fomento do emprendemento.

**Encontro literario con Leticia Costas.** O alumnado de 2º da ESO mantivo un encontro coa autora de “A lebre mecánica” a iniciativa do Departamento de Lingua Galega.



**Charla LinkedIn.** O alumnado do Ciclo Formativo de Química Industrial tivo unha sesión formativa sobre o emprego da ferramenta LinkedIn.

**Charla de orientación académica e vocacional.** O alumnado de 4º da ESO e o de 1º e 2º de Bacharelato asistiu a unha charla de orientación académica e laboral sobre FP e FP Dual. As relatoras foron a nosa compañeira de ciclos Ana Álvarez e Paz Paredes, do CIFP Ánxel Casal, que nos explicou toda a oferta educativa do seu centro.



### A.3 Concursos.

**Cazatesouros:** O equipo da Biblioteca organizou o concurso Cazatesouros para conmemorar o Día das Bibliotecas escolares.

**Concurso de portas terroríficas:** A Xunta de Delegados en colaboración coa Vicedirección convocou un concurso de decoración de portas con motivo do Samaín.



**II Certame Coreografíate:** O grupo de Sardidanza en colaboración co EDL realizou un vídeo para participar no concurso Coreografíate.



**Concurso de decoración portas de inverno.** A Xunta de Delegados propón o concurso de decoración de aulas con motivos de inverno.

**Concurso de adornos de nadal na Biblioteca.** Convócase un concurso de adornos artesanais para a Biblioteca do centro.

**Cinema na escola.** O alumnado de 2º ESO B participa coa curtametraxe “Osíxeno” protagonizada e escrita por eles coa axuda da súa titora, no concurso Cinema na Escola, organizado polo Concello de A Coruña, obtendo o primeiro premio á mellor interpretación.



**Rally Matemático.** A iniciativa do Departamento de Matemáticas, e na liña EDU-Excelencia dos Contratos Programa, o alumnado de Matemáticas Académicas de 4º ESO A participou no Rally Matemático sen Fronteiras.



**Concurso de Fotopoesía.** O EDL organiza o concurso de Fotopoesía con motivo da conmemoración das Letras Galegas.

#### A.4 Exposicións.

**Zentangle Art.** O alumnado de 3º da ESO na materia de EPV realiza unha exposición dos seus traballos.



**Sonia Delaunay: arte diseño e moda.** Na entrada do IES podemos ver a exposición dos traballos realizados polo alumnado de EPV de 4º da ESO.



**Exposición Yokai.** O alumnado de 4º da ESO de EPV expón os seus traballos sobre os Yokai xaponeses.





**Exposición “Los Caprichos de Goya”.** O alumnado de EPV de 4º da ESO expuxo no primeiro andar os seus traballos inspirados en Goya.



**Interpretación do Guernica.** O alumnado de Debuxo Artístico de 2º de Bacharelato fixo unha interpretación moi colorida do Guernica, neste ano no que se homenaxea a Picasso. A súa obra, colocada por eles mesmos, pódese ver no exterior do edificio de ciclos.

**Exposición “Gravados e peixiños”.** O alumnado de 3º da ESO fixo na materia de EPV uns peixiños inspirados no nome do noso IES . Os traballos estiveron expostos no primeiro andar xunto cos gravados realizados polo alumnado de 1º de Bacharelato de Debuxo Artístico.





**Exposición “Hoxe interpretamos a...”** Exposición dos traballos escultóricos realizados polo alumnado de EPV de 4º da ESO.



**Exposición “Non scholae, sed vitae discimus”** . O alumnado de Cultura Clásica de 3º da ESO realizou, en colaboración coa súa profesora, unha exposición da que fixeron unha visita guiada para os seus compañeiros de curso durante a [semana cultural](#).



### A.5 Obradoiros e talleres.

**Obradoiro de emprego.** Persoal de recursos humanos da empresa Finsa impartiu un obradoiro de emprego para o alumnado de 2º de Química Industrial, 2º LACC e 2º de CMOL. Nel aprenderon de xeito práctico a preparar entrevistas de traballo.

**Obradoiro de percusión.** O alumnado de 3º e 4º da ESO participou o 22 de decembro nun obradoiro de percusión a iniciativa do Departamento de Música.



**Obradoiro de poesía e grafiti con Dores Tembrás.** O alumnado mediador tivo a oportunidade de participar neste obradoiro durante a Semana Cultural.

**Obradoiro de búsqueda de emprego. Fundación Ronsell. Para o alumnado de QI e de CMOL**

**Xornada de formación en Primeiros Auxilios.** A iniciativa do Departamento de FOL , o alumnado de 1º CMOL e de 1º de LACC tivo un obradoiro de formación impartido por

profesionais da Cruz Vermella para saber cómo actuar ante situacións de emerxencia.



**Obradoiro de Podcast.** Incluído na [Semana Cultural](#) e formando parte da liña EDU Sostibilidade dos Contratos Programa, o alumnado de 3º da ESO fixo un obradoiro de podcast que podemos escoitar [aquí](#)

**Ideatón: Xeración e análise de ideas de negocio.** Durante a mañá do 5 de outubro todo o alumnado que cursa 2º dos Ciclos Formativos que se imparten no noso centro (LACC, Química Industrial, Dual Estrella e Dual Repsol) participou no Ideatón, un taller de "Xeración e análise de ideas de negocio", impartido por "Píldoras Digitales" a iniciativa do departamento de FOL.



**Obradoiro "Fake News".** O alumnado de Ciclos Formativos asistiu a un obradoiro sobre como se xeran e difunden as "Fake News", impartido pola periodista Ángela Fernández no marco do programa Edu Excelencia e dentro da programación da Semana Cultural.

#### **A.6 Torneos.**

**Torneo de xadrez.** Incluído na iniciativa de recreos dinámicos celebrouse un torneo de xadrez.

## Torneo de fútbol alumnado Ciclos Formativos.

Torneos de fútbol e voleibol. A iniciativa do Departamento de Educación Física celebráronse no terceiro trimestre torneos de voleibol e fútbol durante os recreos . As finais tiveron lugar o derradeiro día de clase.



## A.7 Graduacións e despedidas.

### Graduación do alumnado de 2º de Bacharelato





## Despedida do alumnado de 4º da ESO



### **B. Actividades realizadas fóra do Centro:**

#### **B.1 Festivais e encontros.**

**Festival da Francofonía.** O alumnado de francés do IES A Sardiñeira participou os días 8 e 9 de maio, xunto con case 2000 alumnos/as de outros 16 institutos, no Festival da Francofonía que se celebrou un ano máis en Vilanova de Arousa. Ademais da participación no festival o alumnado visitou Poio, Combarro e realizaron diversas actividades.



## B.2 Teatro e concertos.

**Amantis.** O alumnado de 4º de ESO e 1º de Bacharelato asistiu á representación da obra de teatro Amantis, a iniciativa do Departamento de Lingua Galega.

**Le Chef.** O alumnado de francés de 1º e 2º da ESO tivo oportunidade de asistir á representación da obra Le Chef , actividade que completou con unha visita ao Castelo de San Antón.



## B.3 Visitas a empresas e organismos.

**Visita a Foresa.** O alumnado de 2º curso de QI Dual (Repsol e Hijos de Rivera) e o de 2º de LACC tivo a oportunidade de visitar as instalacións de Foresa en Caldas de Reis.



**Visita ao parque de Bombeiros de A Coruña.** O alumnado de 1º de CMOL e QI visitou as instalacións do parque de Bombeiros e realizou prácticas de extinción de incendios.



**Visita a Bioetanol.** O alumnado de 1º de QI e 1º de LACC visitou as instalacións de Bioetanol en Teixeira.



**Visita a EDAR de Bens** do alumnado de Bioloxía de 4º da ESO.



**Visita a LIGAL.** O alumnado de 2º de CMOL visitou as instalacións de LIGAL en Abegondo.



[Visita a Sotavento](#) do alumnado de Bioloxía de 4º da ESO e de 1º de Bacharelato.



[Visita ao Centro Penitenciario de Teixeira dentro do programa DiKeNON.](#) O alumnado de 4º ESO visitou estas instalacións como parte da actividade de prevención e sensibilización Di Ke Non da Fundación Barrié coordinada polo Departamento de Orientación, e tras unha charla-representación de sensibilización que tivo lugar no IES.

[Visita a REGANOSA.](#) O alumnado de 2º de QI Dual (Hijos de Rivera e Repsol) visitou as instalacións da planta regasificadora en Mugardos.



[Visita ao Laboratorio de Consumo de Galicia.](#) O alumnado de nocturno de Ciclos Formativos realizou esta visita.






#### **B.4 Saídas Orientación académica e profesional**

**Visita á USC** O alumnado de Bacharelato asistiu ás Xornadas de Orientación Universitaria en Santiago de Compostela.

**Visita ao Campus de Ferrol** O alumnado de 1º de Bacharelato visitou o Campus de Ferrol para coñecer a súa oferta formativa.

**Visita á Feira InnovArt** O alumnado de 4º da ESO coñeceu a oferta de ensinanzas artísticas, deportivas e de idiomas que se imparten en Galicia.



**Saída ao CIFP de Someso** para coñecer a oferta de FP Básica.

## B.5 Visitas a exposicións, museos e saídas culturais.

**Roteiro modernista.** O alumnado de Debuxo Artístico de 1º BAC percorreu a Coruña modernista a iniciativa do departamento de EPV en colaboración co de Xeografía e Historia.



**Roteiro polo cemiterio de S. Amaro.** A iniciativa do Departamento de Lingua Galega o alumnado de 3º da ESO fixo un roteiro literario polo cemiterio guiado por Suso Martínez.



### Visita a Santiago: Parlamento de Galicia, Mupega, Museo do Pobo Galego e CGAC.

Visita do alumnado de 1º de Bacharelato a Santiago onde fixo un percorrido cultural polos museos citados e realizou unha visita guiada ao Parlamento.

Museo Belas Artes “Picasso en el recuerdo azul”. O alumnado de 4º de ESO foi visitar a exposición monográfica co profesorado do Departamento de Xeografía e Historia, quen tivo a iniciativa.



Saída a Outeiro de Rei. O alumnado de 2º de ESO realizou cos departamentos de Lingua Galega e Xeografía e Historia unha completa visita por Outeiro de Rei. Estiveron na casa de Manuel María, pasearon por Santa Isabel, xantaron en Pena de Rodas e percorreron o Castro de Viladonga.



**Visita á Casa Picasso.** No marco das actividades programadas para a [Semana Cultural](#) o alumnado de 3º da ESO realizou unha visita á Casa Picasso.



**Visita ao Muncyt.** O alumnado participante no rally matemático e no club de ciencia realizou un taller de óptica no Muncyt, no marco da liña EDU Excelencia, dos Contratos Programa.

### **B.6 Marchas sendeiristas e actividades deportivas. Saídas á natureza.**

[Saída á zona intermareal de As Xubias \(Mar de Mares\)](#) . Completando o programa previsto e a iniciativa do departamento de Bioloxía o alumnado de 3º da ESO coñeceu de primeira man a vida mariña das nosas costas.





**Patinaxe sobre xeo** para o alumnado de 1º e 2º da ESO.

**Córax Fauna.** O alumnado de 4º da ESO realizou a visita a este parque da natureza no marco da [semana cultural](#).



**Ruta da Auga (Guitiriz).** O Departamento de Educación Física organizou e desenvolveu esta actividade co alumnado de 1º da ESO no marco da [semana cultural](#).




**Ruta Chelo-Río Mandeo.** O alumnado de 3º da ESO realizou, a iniciativa do Departamento de Educación Física, esta ruta no marco da [semana cultural](#).



**Roteiro polo Pindo.** O alumnado de 4º da ESO realizou unha marcha sendeirista polo monte Pindo.



**Xornada de convivencia e equitación.** O alumnado de 2º da ESO disfrutou dunha xornada de convivencia en contacto coa natureza e os cabalos.



### **B.7 Viaxes culturais e excursións.**

**Viaxe á neve (I, II e III).** O Departamento de Educación Física organizou unha viaxe a Jaca durante a semana do 13 de marzo para o alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato, onde ademais de practicar o esquí realizaron outras actividades como a visita a Ciudadela de Jaca ou a estación de Canfranc.



**Viaxe a París:** O Departamento de Francés organizou unha viaxe a París para o seu alumnado dos cursos 3º, 4º e 1º da ESO. Ademais de practicar o idioma realizaron moitas e interesantes visitas culturais.



#### **B.8 Outras saídas.**

- ✓ **Participación do alumnado e profesorado de Ciclos Formativos en “Galicia Biodays”**, foro de referencia na industria Biotecnolóxica.





- ✓ Participación do profesorado e alumnado de Ciclos Formativos no Congreso de Innovación de FP, FP Innova





## 7.5 Outras actividades:

### A. Xornadas de portas abertas e Xornadas de Acollida

**Xornada de Portas Abertas.** Os días 27 e 28 de xaneiro celebramos as Xornadas de Portas Abertas para que o futuro alumnado e as súas familias coñezan o noso centro e a súa oferta formativa.

**Xornadas de Acollida para o alumnado** de Educación Primaria. Coa coordinación do Departamento de Orientación o noso recién formado Equipo de Mediadores recibiu ao alumnado de 6º de primaria que cursará a ESO no noso centro o vindeiro curso escolar.



### B. Actividades organizadas polo departamento de orientación.

#### ➤ Orientación académica

**Saídas** incluídas nesta memoria (Apartado “Saídas de Orientación Académica e Profesional).

**Xornadas de Orientación** (semana 6 - 10 de marzo)

Actividades na **Semana Cultural**: Carné Xove, Conversas con Orientación, Obradoiros de Formación para o Emprego.

Outras charlas e actividades xa referidas na memoria.

➤ **Convivencia e mediación.**

Charlas do **Plan Director** para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.

Plan Director para a prevención da violencia de xénero, prevención do acoso escolar, prevención do consumo de drogas e alcohol. Charla Plan Director sobre ciberseguridad.

Charlas e obradoiros de **Educa Coruña**.

**Dinamización da mediación:** formación do grupo de alumnado mediador e traballo posterior.

Outros obradoiros.

	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR: ARELA-KATORCE 18 (FUNDACIÓN BARRIÉ)</a></li> <li>• OBRADDOIRO CONTROL DA IRA (1º E 2º ESO) FUNDACIÓN AMIGÓ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• SESIONS CREATIVAS: APRENDER EN IGUALDADE CREANDO 2022-23</li> <li>• SENSIBILIZACIÓN CO ALUMNADO INMIGRANTE (UAMI)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">A REDE E AS SÚAS REDES. PREVENCIÓN DE RISCOS ASOCIADOS AO USO DA INTERNET 2022-23</a></li> <li>• <a href="#">A QUE TREN SOBES? PREVENCIÓN DE CONSUMO DE TABACO E ALCOL 2022-23</a></li> <li>• OBRADDOIROS DE SAÚDE AFECTIVO SEXUAL 2022-23</li> </ul>



<p>2º ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR: ARELA-KATORCE 18 (FUNDACIÓN BARRIÉ)</a></li> <li>• OBRADDOIRO CONTROL DA IRA (1º E 2º ESO) FUNDACIÓN AMIGÓ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">“SENTIDIÑO NA REDE”: PREVENCIÓN DE ADICCIÓNS DIXITAIS E USO INADECUADO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS 2022-23</a></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">FUGA DE CEREBROS: HABILIDADES SOCIAIS FRONTE ÁS ADICCIÓNS 2022-23</a></li> <li>• OBRADDOROS DE SAÚDE AFECTIVO SEXUAL 2022-23</li> </ul>
<p>3º ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FOROS DEBATE: PENSAR EN IGUALDADE CON MIRAS AMPLIAS 2022-23</li> <li>• <a href="#">CHARLA: SI CONTROLAS, VUELVES. PREVENCIÓN DE ACCIDENTES DE TRÁFICO. AESLEME</a></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">OBRADDOROS EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL: QUÉROTE MÁIS.</a></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">PREVENCIÓN, ABORDAXE E XESTIÓN DE CONFLICTOS 2022-23</a></li> <li>• <a href="#">TOD@S CONTAMOS 1: PREVENCIÓN DO CONSUMO DE DROGAS 2022-23</a></li> </ul>
<p>4º ESO</p>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• SENSIBILIZACIÓN CO ALUMNADO INMIGRANTE (UAMI)</li> <li>• <a href="#">DI K NON: PREVENCIÓN DE ADICCIÓNS. FUNDACIÓN BARRIÉ</a></li> <li>• <a href="#">TOD@S CONTAMOS 2: SURFEANDO AS DROGAS 2022-23</a></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">OBRADDOIRO DE PREVENCIÓN NO USO DA INTERNET, REDES SOCIAIS E XOGOS INTERACTIVOS 2022-23</a></li> <li>• FOROS DEBATE: PENSAR EN IGUALDADE CON MIRAS AMPLIAS 2022-23 4º</li> </ul>

### C. Recreos dinámicos:

**Recreos dinámicos.** Durante o terceiro trimestre englobáronse diferentes alternativas para o tempo de lecer nos “Recreos dinámicos” nos que o alumnado podía escoller actividades como: obradoiros de manualidades e científicos, danza, xadrez e xogos de mesa, ademais de participar nas actividades deportivas.



### D. Actividades relacionadas coa Biblioteca

A Biblioteca é un pír fundamental nas actividades do centro. Colabora activamente en todas as conmemoracións, encontros literarios e charlas ademais de cos recreos dinámicos.

Destacamos entre outras actividades que lle son propias, o seu club de lectura “Ler meu lar” cos tres clubs de lectura que manteñen ao longo de todo o curso escolar:

[Club de lectura xuvenil](#)

[Club de lectura de adultos](#)

[Club de manga](#)

### E. Semana Cultural Interdepartamental. (3,4 e 5 de maio)

A Semana Cultural propónse como continuación das iniciativas de cursos anteriores e co ánimo de optimizar as propostas de actividades previstas. As datas foron seleccionadas coa intención de non entorpecer a actividade académica.

Ademais, cabe destacar que o noso centro está dividido en dous edificios, que acollen, por unha banda aos Ciclos Formativos, e por outra ESO e Bacharelato. A Semana Cultural pretende contribuír ao sentido de pertenza a un mesmo centro e profundar así no sentimento de comunidade educativo e do traballo en común.

Enlace á programación da semana cultural [aquí](#).

As actividades son propostas por diferentes departamentos e de índole diversa, deportivas, culturais, formativas... A maioría delas están incluídas nalgunha das liñas de actuación dos Contratos Programa do Centro.

Ademais das actividades xa reseñadas nesta memoria podemos destacar outras como:

**Carné Xove**

**Arde Lucus**

**Reciclaxe e Economía Circular**

**Conversas con Orientación**

**Verborum Latinorum Ludi**

### F. Plans e Proxectos.

#### ➤ Erasmus

Este é un programa de mobilidade europea para alumnado e profesorado, encamiñado ao intercambio de experiencias didácticas e prácticas educativas que téñen como finalidade mellorar o éxito escolar e implantar actividades de innovación educativa.



### ➤ **Club de Ciencias.**

Por segundo ano participamos no programa de innovación educativa Club de Ciencias, convocado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten entre outros obxectivos, favorecer a adquisición das competencias clave do alumnado necesarias para o século XXI, tanto as transversais, como as máis propiamente vinculadas ao ámbito STEM, a competencia matemática e a competencia en ciencia e tecnoloxía e enxeñería, tendo en conta o seu vínculo co arte, a creatividade e a innovación, e motivar aos mozos e mozas, en especial ás mozas, a que opten por carreiras profesionais nestes ámbitos.

O alumnado do Club de Ciencia realizou actividades relacionadas co [Mes da Ciencia en galego](#), co Día da Muller e a nena na Ciencia e realizou obradoiros de química no marco da [semana cultural](#).

Como actividade destacada sinalamos que o o alumnado do Club de Ciencias participou o 7 de maio no **Día da [Ciencia na Rúa](#)** con experimentos sobre as propiedades químicas dos alimentos.



### ➤ **Plans Proxecta**

**Rede de centros escolares solidarios.** No marco deste plan Proxecta realizáronse diferentes accións e campañas:

- [Campanha Solidaria de recollida de roupa](#)
- [Gran Recollida de alimentos](#)



- [Campanha de recollida de xoguetes](#)
- Charlas e Doazón de Sangue.
- [Solidariedade con Ucraína](#)
- [Carreira Solidaria](#)



### Correspondentes Xuvenís. Ciberantenas da Sardiñeira.

Neste Plan preténdese establecer unha liña de información xuvenil no centro implicando ao alumnado e valorando o seu traballo. Foi realizado ao longo de todo o curso escolar e mantén como vía de información o seguinte [Padlet aloxado na páxina web do IES.](#)

### Aprendo programando

Con este proxecto pretendemos que o alumnado tome conciencia e teña un achegamento á realidade de millóns de persoas que se ven obrigadas a fuxir dos seus fogares.



Realizáronse diferentes propostas co programa Scratch: relatos curtos, xogos de preguntas e respostas, historias interactivas... nos dous grupos de programación de 2º da ESO (bilingüe e non bilingüe).

## ➤ CONTRATOS PROGRAMA

Os Contratos Programa solicitados este curso foron :

### CONTRATO PROGRAMA INNOVA

Solicitáronse as liñas Edu- Excelencia, Edu-Saúde e Edu-Sostibilidade.

**Dentro da liña Edu-Saúde procúrase realizar actividades relacionadas coa promoción da actividade física:** roteiros, patinaxe, visita ao cenro de conservación animal Córax Fauna (semana cultural).

Cabe destacar as actividades incluídas nos [Recreos Dinámicos](#), Sardidanza e os Torneos deportivos tanto de ciclos como de ESO e Bac.

Ademais de outras actividades incluídas nestas tres liñas podemos destacar a **Preparación do alumnado para os Exames DELF**, na liña de Edu-Excelencia onde un 100% do alumnado aprobou en cada unha das diferentes convocatorias (A1, B1 e B2).

### CONTRATO PROGRAMA INCLÚE

Solicitáronse as liñas IGUÁLA-T, CONVÍVE-T e INCLÚE-T

Son moitas as actividades enmarcadas nestas liñas de traballo, destacamos os **obradoiros do Departamento de Orientación** sobre diversidade, acoso escolar e habilidades socioemocionais e formación do equipo de **mediación escolar**

#### [Escritura dun conto con temática de inclusión](#)

Un grupo de alumnos/as continuos coa elaboración dun conto inclusivo, traballo iniciado no curso anterior. En reunións semanais foron redactando ata ter o primeiro borrador.

### 7.6 Avaliación do funcionamento das AAEECC

	moi alto	alto	medio	baixo	comentario
Grao de participación do alumnado nas AACCC	X				Son obrigatorias para o alumnado. Participación axeitada. Sen incidencias reseñables.
Grao de participación do alumnado nas AAEE		X	X		Depende da actividade e do curso/grupo
Grao do interese suscitado no alumnado	X	X	X		As actividades extraescolares e complementarias teñen unha boa acollida aínda que nalgún curso menos da esperada.
Grao de cumprimento dos obxectivos	X				Os obxectivos xerais da programación están razoablemente cumpridos.
Implicación dos membros da comunidade	X				O profesorado implicado amosa unha actitude impecable. Cómpre implicar a maior número de docentes.
Adecuación ao calendario académico do IES			X		Respectáronse os prazos anteriores ás avaliacións. Non houbo comunicación de incidencias . Acumulación de actividades no terceiro trimestre, haberá que revisar as datas de viaxes e semana cultural.
Cumprimento das normas durante as AACCEE	X				Non houbo ningunha incidencia, nin partes por mal comportamento.
Organización e xestión das actividades		X			Cómpre mellorar os prazos de entrega das listas dos participantes.
Feedback despois da realización das actividades				X	Cómpre mellorar a comunicación despois das actividades: recoméndase repetir a actividade, incidencias recollidas...

### 7.7 Propostas de mellora e suxerencias de continuidade.

- Informar a Vicedirección da actividade coa maior antelación posible, mínimo dez días antes, como norma xeral, principalmente se hai que solicitar transporte, xa que este curso facer e distribuír autorizacións, programar gardas,...
- O profesorado organizador da actividade deberá elaborar as listas de alumnado participante, e calquera modificación das mesmas, para que Vicedirección poida informar da lista do alumnado participante na actividade o antes posible, en calquera caso, remitir dita lista a Vicedirección, cunha anterioridade mínima de tres días laborables.
- Deixar actividades de forma sistemática para o resto do alumnado que non participe así como para os grupos que non poida atender.
- Fomentar e intentar que haxa máis “feedback” da actividade, preferentemente vía formulario ou correo electrónico, para que a Vicedirección saiba cal foi a calidade da mesma e/ou se houbo algunha incidencia, ademais de sinalar propostas de mellora ou calquera outra suxestión.
- Aproveitar os recursos ofrecidos polo Concello de xeito gratuíto (programas Educa Coruña: visitas as casas museo, obradoiros,...)
- Continuar a visibilizar o traballo realizado dende a través da web e redes sociais, xa que engloba o traballo realizado por todo o profesorado do centro.
- Seguir a propor actividades conxuntas para o alumnado e profesorado das diferentes etapas educativas (ESO, BAC e Ciclos Formativos).
- Consolidar a Semana Cultural Interdepartamental e seguir a impulsar actividades conxuntas de todo o alumnado e o profesorado do centro, sempre e cando os diferentes Departamentos propoñan actividades para a mesma.



- Continuar coa participación do centro en Contratos programa, Plans Proxecta, programas plurilingües, CUALE, club de ciencias e distintas convocatorias, promover o liderado das mesmas.
- Continuar a apoiar as actividades dos diferentes Departamentos.
- Coordinarnos coa ANPA do centro para a colaboración na proposta de actividades.
- Continuar coa colaboración co club Basquet Coruña, asociación de tiro con arco Adarve e Xacarandaina, compartindo espazos e convidándoos á realización de charlas e obradoiros.
- Colaborar e coordinar as iniciativas relativas ás AAEECC da Xunta de Delegados.
- Continuar coa iniciativa de recreos dinámicos.
- Temporalizar de xeito equilibrado as actividades por trimestres tendo especial coidado en non concentrar actividades durante a terceira avaliación.
- Buscar espazos alternativos á Biblioteca para a realización de AAEECC. Neste sentido intentaremos ubicar unha sala de usos múltiples/aula polivalente no centro. Estamos estudando diferentes ubicacións e opcións.
- Difusión da información relativa ás actividades mediante pantallas na entrada.

A Coruña, a 27 de xuño de 2023